ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

**FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA**
**PU19011**

## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Viaxe de interese cultural (Día das Letras Galegas)

**CONVOCATORIA:** Actos en conmemoración do Día das Letras Galegas: Viaxe cultural

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Lingua galega

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CUALIFICACIÓN:** | ASISTENCIA | **PLAN:** | FONDOS EGAP | **HORAS:** | 12 |
| **ADMINISTRACIÓN:** | AU\|LO\|UN\|XU | **ESTADO:** | CONVOCADO | **ANO:** | 2019 |
| **MOD.IMPARTICIÓN:** | PRESENCIAL | **TIPOLOXÍA:** | DIVULGACIÓN | **EDICIÓNS:** | 1 |

## 2. DESCRICIÓNS

**DESCRICIÓN CURSO**

A Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas de 2019 ao escritor, historiador e antropólogo Antón Fraguas Fraguas (1905-1999). A EGAP, como institución pública galega, súmase á homenaxe deste insigne escritor en lingua galega organizando un acto literario, seguido da inauguración dunha mostra de arte, así como dunha viaxe de interese cultural.

**DESTINATARIOS**

Á viaxe cultural terá acceso só o persoal empregado público ao servizo de calquera das administracións públicas de Galicia (ata 50 prazas). No caso de presentárense máis solicitudes que prazas, terá preferencia o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia.
Unha vez formalizada a inscrición no acto literario, as persoas interesadas en participar na viaxe cultural deberán, ademais, enviar un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal, no cal indiquen o seu nome, apelidos e datos de contacto, así como o seu vínculo de pertenza a calquera das administracións públicas de Galicia.

**PROGRAMA**

ITINERARIO:

08:00 h. Saída do Obelisco, A Coruña.
09:00 h. Saída da EGAP, Santiago de Compostela.

1ª parte do percorrido:

09:30 h. IES Antonio Fraguas: lugar de comezo da ruta.
10: 00 h. Hospitalillo de San Roque. Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento.
10:30 – 11:00 h.
Museo do Pobo Galego. Fundación Antón Fraguas.
Visita ao conxunto de Bonaval (Parque, Museo do Pobo Galego, Panteón de Galegos Ilustres e paseo polos exteriores do Centro Galego de Arte Contemporáneo).
Pazo de Amarante. Academia Menéndez Pelayo.
Cantón de San Bieito. Biografía de Manuel Murguía.
Facultade de Xeografía e Historia.

PAUSA PARA XANTAR (14:30 h.)

2ª parte do percorrido:

16:30 h. Pazo de Raxoi. Consello da Cultura Galega.

Catedral de Santiago.
Pazo de Fonseca.
Instituto Rosalía de Castro.
Alameda (As Marías, As Dúas en Punto…)
Cemiterio de Boisaca. Tumba de Antón Fraguas.

19.00 h. Chegada á EGAP, Santiago de Compostela.

20:00 h. Chegada á Coruña.

**CRITERIOS DE SELECCIÓN**

A inscrición na viaxe implica a obrigatoriedade de asistir ao acto literario. A selección das persoas participantes na viaxe cultural realizarase tendo en conta a data e a hora de recepción do correo electrónico.

**DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS**

Unha vez formalizada a inscrición no acto literario, as persoas interesadas en participar na viaxe cultural deberán, ademais, enviar un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal, no cal indiquen o seu nome, apelidos e datos de contacto, así como o seu vínculo de pertenza a calquera das administracións públicas de Galicia.

## 3. DATOS EDICIÓNS

| SANTIAGO | | |
|---|---|---|
| **LOCALIDADE:** Santiago | | **INICIO / FIN:** 17/05/2019 a 17/05/2019 |
| **NUM. PRAZAS:** 50 | **ESTADO:** NORMAL | **DATA EXAME:** |
| **DOCENTES NOMEADOS** | | |
| NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE | | |